



BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZA OU XUÍZ DE PAZ TITULAR DE TEO

Finalizado o mandato da Xuíza de Paz titular de Teo e para dar cumprimento ao acordado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de oficiar a este Concello para que se inicie novo expediente ao efecto, efectúase convocatoria pública, de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria pública é a cobertura do cargo de Xuíza ou Xuíz de Paz de Teo, polo sistema de libre elección daquela persoa candidata que o Pleno do Concello considere máis idónea para as tarefas propias do cargo.

O mandato terá unha duración de catro anos, a contar dende a data de nomeamento que efectúe a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A convocatoria rexerese, ademais de polo establecido nas presentes bases, polo disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPX), na Lei 38/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial (LDPX), no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz (RXP), e demais normativa aplicable.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS LEGAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES E REQUISITOS

Poderán participar no proceso de elección de Xuíza ou Xuíz de Paz as persoas que, aínda non sendo licenciadas en Dereito, reúnan os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na Carreira Xudicial, excepto os derivados da xubilación por idade, sempre que esta non supoña impedimento físico ou psíquico para o cargo, e non estean incursas en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidade ou das prohibicións previstas para o desempeño das funcións xudiciais, no que lles sexa aplicable.

En particular, as persoas que desexen participar deberán reunir os seguintes requisitos:



- a) Ser española;
- b) Ser maior de idade;
- c) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade ou das prohibicións recollidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e seguintes, no que lles sexa aplicable;
- d) Residir en Teo. A estes efectos debe terse en conta que, segundo o artigo 17 do RXP, os Xuíces de Paz deberán residir na poboación onde teña a súa sede o Xulgado de Paz, porén a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza do que dependen poderá autorizar por causas xustificadas a residencia en lugar distinto, sempre que sexa compatible co exacto cumprimento dos deberes propios do cargo.

TERCEIRA.- INCAPACIDADES

Segundo o artigo 303 da LOPX están incapacitados os impedidos física ou psíquicamente para a función xudicial; os condenados por delito doloso mentres non obtiveran a rehabilitación; os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobreseemento, e os que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

CUARTA.- INCOMPATIBILIDADES

De conformidade co artigo 14.1 do Regulamento dos Xuíces de Paz, durante o seu mandato os Xuíces de Paz estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica do Poder Xudicial no que lles sexa aplicable.

En todo caso, segundo o apartado 2 do artigo 14 do citado Regulamento, os Xuíces de Paz terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:

- a) A dedicación á docencia ou á investigación xurídica.
- b) O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos seus deberes xudiciais.



De conformidade co artigo 389 da LOPX e artigo 14 do RXP, o cargo de Xuíza ou Xuíz de Paz é incompatible:

- 1º. Co exercicio de calquera outra xurisdición allea ao Poder Xudicial;
- 2º. Con calquera cargo de elección popular ou designación política do Estado, Comunidades Autónomas, Provincias e demais entidades locais e organismos dependentes de calquera deles;
- 3º. Cos empregos ou cargos dotados ou retribuídos pola Administración do Estado, as Cortes Xerais, a Casa Real, Comunidades Autónomas, Provincias, Municipios e calquera entidades, organismos ou empresas dependentes duns ou outras;
- 4º. Cos empregos de todas clases nos Tribunais e Xulgados de calquera orde xurisdicional;
- 5º. Con todo emprego, cargo ou profesión retribuída, agás a docencia ou investigación xurídica, así como a produción e creación literaria, artística, científica e técnica, e as publicacións derivadas daquela, de conformidade co disposto na lexislación sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas;
- 6º. Co exercicio da Avogacía e da Procuradoría;
- 7º. Con todo tipo de asesoramento xurídico, sexa ou non retribuído;
- 8º. Co exercicio de toda actividade mercantil, por si ou por outro, agás o establecido no artigo 14.2 b) do Regulamento dos Xuíces de Paz, de acordo co establecido na base cuarta da presente convocatoria;
- 9º. Coas funcións de Director, Xerente, Administrador, Conselleiro, socio colectivo ou calquera outra que implique intervención directa, administrativa ou económica en sociedades ou empresas mercantís, públicas ou privadas, de calquera xénero.

QUINTO.- PRESENTACION DAS SOLICITUDES: PRAZO, LUGARES E DOCUMENTACION.

As persoas que desexen participar no procedemento de elección de Xuíza ou Xuíz de Paz, presentarán a súa solicitude, dirixida á sra. alcaldesa do Concello, manifestando que se reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña. A convocatoria publicarase igualmente no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, na Sede Electrónica, no Xulgado Decano de Primeira Instancia e Instrución de Santiago e no Xulgado de Paz.



As solicitudes presentaranse, empregando o modelo incorporado no anexo destas Bases, no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público de 9:00 a 14:00 horas.

Igualmente, ditas solicitudes poderanse presentar por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (ou naqueloutras previsións normativas concordantes e/ou substitutivas deste artigo). Neste caso, comunicarase ao Concello a remisión da solicitude dentro do prazo de presentación de solicitudes, ao enderezo de correo electrónico secretaria@teo.gal, ou por calquera outro medio polo que quede debidamente acreditado, achegando copia do resgardo da presentación da solicitude, indicando como asunto: ELECCIÓN DE XUÍZA / XUÍZ DE PAZ Concello de Teo.

De non cumprirse co requisito da devandita comunicación, a solicitude non será admitida, no caso de que se recibira con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado nestas Bases. Porén, transcorridos dez (10) días naturais seguintes ao da terminación do prazo de presentación, sen terse recibida a devandita solicitude, esta non será admitida en ningún caso.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade;
- b) Certificado de antecedentes penais;
- c) Declaración responsable na que se fagan constar os seguintes extremos:
 - Que é española, maior de idade, non está impedida física ou psiquicamente para a función xudicial e reside ou vai residir en Teo, salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia;
 - Que non foi condenada, procesada u inculpada por delito doloso;
 - Que se atopa en pleno exercicio dos seus dereitos civís;
 - Que non esta incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou das prohibicións recollidas nos artigos 389 a 397 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial, para o exercicio do cargo.
- d) Xustificación de méritos que alegue a persoa solicitante para a súa elección.



Ante as dúbidas que, no seu caso, se susciten, en relación coa documentación aportada, a Alcaldía poderá requirir a presentación de documento idóneo que acredite os extremos anteriores, sen prexuízo da responsabilidade na que podería ter incorrido a persoa solicitante.

Se algunha solicitude adolece dalgún defecto subsanable, requiriráselle á persoa interesada para que, no prazo de dez días subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, indicándolle que, se así non o fixera, se lle terá por desistida da súa petición, previa resolución nos termos previstos no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SIXTA.- PROCEDEMENTO

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, polo Pleno do Concello procederáse á elección da Xuíza ou do Xuíz de Paz entre as persoas que, solicitándoo, reúnan as condicións legalmente establecidas.

O acordo adoptarase co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

Se non houbera solicitantes, o Pleno do Concello elixirá libremente con suxeición aos mesmos requisitos de procedemento.

O acordo do Concello será remitido ao Xulgado Decano de Primeira Instancia e Instrución de Santiago, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O nomeamento da Xuíza ou Xuíz de Paz será efectuado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un período de catro anos.

SÉTIMA.- RETRIBUCIÓNS E CESE

Conforme ao disposto no artigo 103.1 da LOPX, os Xuíces de Paz serán retribuídos polo sistema e na contía que legalmente se estableza, e terán, dentro da súa



circunscrición, o tratamento e precedencia que se recoñezan na súa aos Xuíces de primeira Instancia e Instrución.

Conforme ao disposto no artigo 103.2 da LOPX e artigo 28 RXP, os Xuíces de Paz e os substitutos, no seu caso, cesarán polo transcurso do prazo polo que foron nomeados, por renuncia aceptada pola Sala de Goberno que os nomeou, por incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade, e polas mesmas causas que os xuíces de carreira en canto lle sexan de aplicación.

OITAVA.- RECURSOS

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnadas nos prazos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Teo, na data da sinatura dixital.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz



ANEXO

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA ELECCION DE XUÍZA/XUÍZ DE PAZ
TITULAR**

D.^a/D....., maior de idade,
de nacionalidade española, con DNI....., con domicilio na
rúa.....nº.....da localidade
de....., nº de teléfono....., dirección de correo
electrónico....., e cuxa profesión actual é a de.....

EXPÓN:

Que enterada/o da convocatoria realizada para a elección da/o XUÍZA/XUÍZ DE PAZ
TITULAR de Teo, publicada no BOP da Coruña nº....., de data...../...../2024, e
reunindo os requisitos esixidos na convocatoria,

SOLICITA:

Que sexa admitida a súa solicitude para desempeñar o citado cargo, achegando a
estes efectos a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade
- b) Certificado de antecedentes penais
- c) Declaración responsable na que se fagan constar os seguintes extremos:
 - Que é español/a, maior de idade, e non está impedida/o física ou psiquicamente para a función xudicial e que reside ou vai residir en Teo, salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
 - Que non foi condenada/o, procesada/o u inculpada/o por delito doloso
 - Que se atopa en pleno exercicio dos seus dereitos civís



- Que non esta incurso/o en ningunha das causas de incompatibilidade ou das prohibicións recollidas nos artigos 389 a 397 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial, para o exercicio do cargo

d) Xustificación de méritos que alegue para a súa elección.

e).....

En.....a.....de.....de 2024

A/o interesada/o,

Asdo.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO

DILIXENCIA: Que estendo eu, secretaria do Concello de Teo, para facer constar que a convocatoria pública para a elección de Xuíza ou Xuíz de Paz titular de Teo, coas bases que anteceden, foi aprobada por Resolución da Alcaldía do 4 de abril de 2024 (res. 427/2024).

Teo, na data da sinatura dixital,

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz